

A obra será presentada mañá nun acto que terá lugar no salón de plenos municipal

O Concello de Laxe recupera a «Roseira da soidade», de Zapata

Miro Villar é o autor da introdución do libro, que reproduce a portada orixinal

A. Lavandeira

CARBALLO

■ A poesía de Antón Zapata está chea de referencias ao mar que rompe na punta da Insua, aos mariñeiros e aos costumes de Laxe, pero as xentes do seu pobo non poden coñecela. Os versos do escritor laxense andan en fotocopias de man en man sen que haxa un lugar donde se podan ler.

Xa hai tempo que o Concello de Laxe quere rematar con esta situación e dar a coñecer o único libro de poemas publicado por Zapata García, que desenvolveu a súa principal actividade literaria na primeira parte do século pasado.

Este ano cúmprese o 50 aniversario da publicación da *Roseira da soidade*, unha obra emblemática en Laxe. As autoridades municipais financian a edición, da que se encargou Xerais. Mañá, ás sete da tarde,

terá lugar no salón de plenos da casa consistorial a presentación da nova *Roseira da Soidade*. A portada reproduce o debuxo orixinal, que foi aportado pola escritora Rosa Vidal e máis a Fundación Penzol en Vigo.

O escritor Miro Villar, que é profesor no centro escolar Fin do Camiño de Fisterra, é o autor da introdución do libro. Villar está facendo a tese de doutoramento sobre o poeta de Laxe, que foi un dos fundadores da Sociedade Nazionalista Galega Pondal. Miro Villar comentou que este autor, ao que cualifica de pondaliano, tiña que estar xa recuperado hai tempo. No volume aparecen dous capítulos do seu estudo sobre Zapata.

O alcalde de Laxe dixo que o Concello quere recuperar este e outros grandes personaxes da cultura do pobo, aínda que dependerá dos recursos dos que dispoñan as arcas municipais.